

Código do documento	Código do expediente
UCP14I00U1	UCP/2020/137
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0U4A 196K 2D65 4H04 0NCE	

MMM

MEMORIA JUSTIFICATIVA DEL CONTRATO: ESCUELAS CULTURALES Y DEPORTIVAS 2020-2021

De conformidade co disposto polo artigo 116 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpöñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), emítase a presente memoria xustificativa

1. Necesidade da administración que se pretende satisfacer

O Concello de Culleredo ven desenvolvendo ininterrompidamente diversas actividades no marco das denominadas Escolas Culturais e Deportivas nas distintas parroquias do Municipio, destinadas á poboación tanto en idade escolar como adulta. Existindo dous tipos de programas diferenciados e definidos, dirixidos a persoas de todas as idades:

- Actividades culturais para adultos e escolares
- Actividades deportivas para adultos e escolares

2. Elección do procedemento de licitación. Prazo de duración

Propónse a tramitación ordinaria do expediente de contratación, por procedemento aberto, utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo, de acordo co disposto polo artigo 131 LCSP.

Prazo de duración: 26 de outubro de 2020 a 18 de xuño de 2021.

3. Criterios de solvencia técnica ou profesional e económica y financeira

Solvencia técnica (art 90 LCSP): Considerarase que o licitador acredita a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado de traballos do mesmo tipo ou natureza, no ano de maior execución dos últimos tres, sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato. A efectos de determinar a correspondencia entre os traballos acreditados e os que constitúen o obxecto do contrato, cando exista clasificación aplicable a este último atenderase ao grupo e subgrupo de clasificación ao que pertencen uns e outros, e nos demais casos á coincidencia entre os tres primeiros díxitos dos seus respectivos códigos CPV.

O importe mínimo esixido é proporcional á entidade do contrato e non supera o mínimo a esixir no caso de que o prego non establecese tal cifra, de acordo apartado 2 do artigo 90 LCSP.

Solvencia económica e financeira (art 87 LCSP): Considerarase que o licitador acredita a súa solvencia económica e financeira, se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos é, polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato.

O importe mínimo esixido é proporcional á entidade do contrato e non supera o mínimo a esixir no caso de que o prego non establecese tal cifra, de acordo apartado 3.a do artigo 87 LCSP.

4. Criterios de adxudicación e condicións especiais de execución

Criterios de adxudicación

Código do documento	Código do expediente
UCP14I00U1	UCP/2020/137
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0U4A 196K 2D65 4H04 ONCE	

Os criterios establecidos

1. están vinculados ao obxecto do contrato, no sentido expresado no apartado 7 do artigo 145 LCSP.
2. están formulados de maneira obxectiva, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e non confiren ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada.
3. garanten a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva e están acompañados de especificacións que permiten comprobar de maneira efectiva a información facilitada polos licitadores co fin de avaliar a medida en que as ofertas cumpren os criterios de adxudicación.

A adxudicación do contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo

- **Relación dos criterios e a súa forma de valoración. Explicación**

FASE I (criterios non avaliábeis mediante fórmulas):

Puntuación: ata **40 puntos**

Valorase:

1. Proxecto de xestión, valorarase seu contido, estruturación, metodoloxía, pedagogía e posta en práctica ata 20 puntos.

Para levar a cabo a análise deste criterio de adxudicación, teranse en conta os seguintes epígrafes:

- **ESTRUTURACIÓN.** Ata 5 puntos
 - nivel de xerarquización e realismo dos obxectivos formulados respecto dos obxectivos xerais prantexados nos pregos. Ata 1 punto
 - nivel de operativización: claridade e concreción na exposición do contido da actividade. Ata 2 puntos
 - nivel de correlación xeral da proposta de obxectivos en canto á filosofía socioeducativa que neles se recollen. Ata 2 puntos
- **PEDAGOXÍA:** Valoraranse os aspectos relacionados co trato e a relación coas persoas participantes. Ata 5 puntos
- **METODOLOXÍA:** Valorarase a exposición e a explicación das técnicas socioeducativas que se utilizarán para o desenvolvemento de cada unha das actividades. Ata 5 puntos
- **IMPLEMENTACIÓN:** Valoraranse os aspectos organizativos e loxísticos respecto aos recursos humanos e ás instalacións e material a utilizar, así como a correlación xeral da proposta coas características do servizo a prestar que se sinalan no prego. Ata 5 puntos

Inclúese este criterio ao considerar que o contido, estruturación, metodoloxía, pedagogía e posta en práctica do proxecto de xestión forma parte esencial das características do servizo a prestar, motivo polo que está relacionado co obxecto deste contrato ao intervir no proceso

2 de 7

Código do documento	Código do expediente
UCP14I00U1	UCP/2020/137
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0U4A 196K 2D65 4H04 ONCE	

específico de prestación do servizo e que permitirá obter unha prestación do servizo de maior calidade e, en consecuencia, conseguir unha mellor calidade – prezo no contrato.

2. Procedementos de coordinación y comunicación, hasta 8 puntos.

Protocolo de comunicación entre a empresa e o Concello, de **0 a 4 puntos**.

Valorado en función da frecuencia das reunións planificadas e coordinación e comunicación das incidencias (relativa aos retrasos, cambios, baixas en relación ao profesorado, etc.) A maior frecuencia – maior puntuación:

diaria, 4 puntos

semanal, 3 puntos

mensual, 2 puntos

trimestral, 1 punto

Procedemento de comunicación entre empresa e os participantes nas actividades, de **0 a 4 puntos**.

Valorado en función da facilidade e flexibilidade cara aos participantes. A puntuación calcularase sumando as puntuacións por cada modalidade de comunicación ofertada:

- Comunicacións presenciais, 0,50 puntos

- Comunicación telefónica, 0,50 puntos

- Whatsapp, 1 punto

- Blog, 2 puntos

Inclúese este criterio ao considerar que os protocolos de comunicación entre a empresa e o Concello e a empresa e os participantes nas actividades contribúen a unha mellor prestación do servizo e satisfacción dos usuarios, e que o mesmo está relacionado co obxecto deste contrato ao intervir no proceso específico de prestación do servizo e que permitirá obter unha prestación do servizo de maior calidade e, en consecuencia, conseguir unha mellor calidade – prezo no contrato.

3. O material aportado para o desenvolvemento das actividades contratadas ata 6 puntos.

Ofertas que presentan unha ampla lista de materiais específicos para cada actividade	De 4 a 6 puntos
Ofertas que presentan unha lista básica de materiais específicos para cada actividade	De 2 a 3,99 puntos
Ofertas que non presentan unha lista de materiais específicos adecuados para cada actividade	De 0 a 1,99 puntos

Valorarase a criterio técnico debidamente motivado, outorgando a maior puntuación en función da maior valoración económica dos materiais e a súa maior adecuación ao proxecto de xestión a desenrolar.

Inclúese este criterio ao considerar que unha maior e mellor dotación de material para a realización das actividades está relacionado co obxecto deste contrato ao intervir no proceso

Código do documento	Código do expediente
UCP14I00U1	UCP/2020/137
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0U4A 196K 2D65 4H04 ONCE	

específico de prestación do servizo e que permitirá obter unha prestación do servizo de maior calidade e, en consecuencia, conseguir unha mellor calidade – prezo no contrato.

4. Protocolo de actuación ante incidencias y emerxencias, ata 6 puntos.

Descríbanse os protocolos de notificación de incidencias e emerxencias e actuación ante elas. Neles o licitador deberá especificar os calendarios, persoas e sistemas de comunicación designados á resolución de emerxencias, especialmente cando estas prodúzanse fóra dos horarios de traballo habituais.

A oferta técnica deberá incluír unha predefinición de tempos de resposta a incidencias e emerxencias suficientemente detallada por tipo de incidencia, clase de traballo a desenvolver, nivel de urxencia, etc.

Farase referencia especificamente aos seguintes parámetros:

1. rapidez da actuación en resposta ante incidencia e emerxencias
2. eficacia da actuación
3. eficiencia da actuación

Inclúese este criterio ao considerar que os protocolos de actuación ante incidencias e emerxencias están relacionados co obxecto deste contrato ao intervir no proceso específico de prestación do servizo e que permitirá obter unha prestación do servizo de maior calidade e, en consecuencia, conseguir unha mellor calidade – prezo no contrato.

FASE II (criterios cuantificables de forma automática)

Oferta económica: Ata 40 puntos.

Asígnase a maior puntuación á oferta que presenta a oferta económica de menor importe e o resto das ofertas serán valoradas de modo proporcional de acordo con seguinte fórmula:

$$P_i = (O_{\min} / O_i) \times P_{\max}$$

Onde,

P_i = Puntuación da oferta do licitador "i"

O_{\min} = Mínimo das ofertas económicas presentadas

O_i = Oferta económica do licitador "i"

P_{\max} = Puntuación máxima a obter por este criterio. De acordo co establecido nesta cláusula, 40 puntos

Estabilidade no emprego: ata 10 puntos.

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C conte cunha maior porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do persoal recibirá a máxima puntuación; o resto dos licitadores puntuásenne proporcionalmente.

Inclúese este criterio ao considerar que a estabilidade no emprego é un obxectivo social e laboral a conseguir e que está relacionado co obxecto deste contrato ao intervir no proceso específico de prestación do servizo e que permitirá obter unha prestación do servizo de maior

Código do documento	Código do expediente
UCP14I00U1	UCP/2020/137
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0U4A 196K 2D65 4H04 ONCE	

calidade e, en consecuencia, conseguir unha mellor calidade – prezo no contrato.

Porcentaxe de mulleres en relación co persoal: Ata 7 puntos.

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C (cláusula 12) conte cunha maior porcentaxe de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras fixas do persoal recibirá a máxima puntuación; o resto dos licitadores puntuánsense proporcionalmente.

Inclúese este criterio ao considerar que a integración da muller no mercado laboral é un obxectivo social a conseguir e que está relacionado co obxecto deste contrato ao intervir no proceso específico de prestación do servizo e que permitirá obter unha prestación do servizo de maior calidade e, en consecuencia, conseguir unha mellor calidade – prezo no contrato.

Plans de igualdade: Ata 3 puntos.

A empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato.

La empresa que cuente con plan de igualdad obtendrá la máxima puntuación de este criterio, l empresa que no cuente con plan de igualdad se calificara con 0 puntos.

Inclúese este criterio ao considerar que a igualdade é un obxectivo social a conseguir e que está relacionado co obxecto deste contrato ao intervir no proceso específico de prestación do servizo e que permitirá obter unha prestación do servizo de maior calidade e, en consecuencia, conseguir unha mellor calidade – prezo no contrato.

Incorporáronse consideracións sociais como aspectos positivos no presente procedemento de contratación pública, sen que sexa necesario unha promoción especial da participación da pequena e mediana empresa, posto que os licitadores que presentaron propostas en anos anteriores teñen esta consideración.

Condições especiais de execución

De conformidade co disposto no artigo 202 LCSP establécéronse as seguinte condición especiais en relación coa execución do contrato, que están vinculadas ao obxecto do contrato, no sentido do artigo 145, non son nin directa nin indirectamente discriminatorias, e son compatibles co dereito comunitario:

- adscrición dos medios humanos e materiais comprometidos
- que o adxudicatario garanta, como mínimo, que as persoas adscritas á execución deste contrato polo adxudicatario aplícanseles estritamente as condicións laborais que estableza o convenio laboral que lles resulte de aplicación
- cumprimento das obrigas relativas a protección de datos

5. Valor estimado do contrato

O valor estimado do contrato ascende a 181.030,70 €.

O seu importe foi calculado tendo en conta:

Código do documento	Código do expediente
UCP14I00U1	UCP/2020/137
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0U4A 196K 2D65 4H04 ONCE	

- Custos salariais

Os custos salariais do persoal para contratar, para o que resulta necesario ter en conta o número de monitores en función das actividades para levar a cabo no convenio de aplicación que neste caso é o "II Convenio Colectivo Marco Estatal de Ocio Educativo y Animación Sociocultural" (BOE núm. 168, de 15 de xullo de 2015).

- Outros custos do servizo

Para a prestación deste servizo a empresa ademais dos custos de persoal deberá asumir entre outros gastos, os de materiais necesarios para o seu desenvolvemento, seguros de responsabilidade civil e seguro de accidentes, así como outros gastos xerais de funcionamento (teléfono, vehículos, material de oficina, etc.)

- Material actividades

A empresa adxudicataria aportará os materiais funxibles ou non funxibles necesarios para o desenvolvemento das actividades.

- Seguros

O adxudicatario deberá acreditar a contratación dun Seguro de Responsabilidade Civil e dun Seguro de Accidentes para os participantes. Realízase un cálculo estimado da contratación destas pólizas de 5.000 € para o Lote 1 (escolas culturais) e 4.550 € para o Lote 2 (escolas deportivas).

6. División en lotes

A Directiva Europea 2014/24/UE sobre contratación pública, tal e como sinala a LCSP na súa exposición de motivos deu por concluído un proceso de revisión e modernización das vixentes normas sobre contratación pública, que, entre outras cousas, facilite a participación das pequenas e medianas empresas (PEMES) na contratación pública.

O contrato divídese en dous lotes, cada un do seguinte importe:

Actividades culturais: 83.448,47 € (75.862,25 € + 7.586,22 €)

Actividades deportivas: 82.496,33 € (74.996,67 € + 7.499,66 €)

7. Informe insuficiencia de medios

Para a execución deste servizo é necesario dispoñer duns medios humanos (33 monitores: 1 director de tempo libre) dos que este Concello non dispón, como se pode comprobar na relación de postos de traballo aprobada e no cadro de persoal aprobado conxuntamente co Orzamento en vigor.

8. Persoa responsable do contrato

Considérase que as persoas adecuadas para realizar as funcións de responsable do contrato son:

O técnico de cultura don Pablo Bouza Suárez para o lote das actividades culturais.

O técnico de deportes don Carlos Fernández Puyol para o lote das actividades deportivas

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
UCP14I00U1	UCP/2020/137
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0U4A 196K 2D65 4H04 ONCE	

9. Análise e valoración das repercusións e efectos do contrato no cumprimento polo Concello dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, esixido polo artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira establece que

As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Previsión de gastos e ingresos presentes

O gasto para executar consiste na realización de actividades culturais e deportivas para adultos e escolares.

Ingresos. Prevese a realización de ingresos derivados desta actuación procedentes das liquidacións do prezo público por ensinos e actividades educativas, culturais, deportivas e xuvenís.

Gastos. Os gastos directos serán os de execución do servizo, contemplados na proposta redactada para o efecto.

Proxección dos efectos orzamentarios e económicos

O presente contrato non ten consecuencias relevantes en canto aos seus efectos orzamentarios e económicos para os ingresos e gastos de exercicios futuros.

En base a todo o cal, conclúese que a execución do contrato non supón un perigo para o cumprimento polo Concello dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

C.I.F. P-1503100-H